

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 1 DE FEBREIRO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día un de Febreiro de mil novecentos noventa e tres; ás sete e quince do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Actúa coma Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Presidente pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, celebrada o día 25 de Xaneiro de 1993.

2.- OBRAS.-

Visto o escrito de Don Manuel Deaño Iglesias, veciño de Francelos, que fai referencia á presentación dun proxecto de obras, en Francelos; e vistos os informes técnicos que se achan no expediente, e visto tamén o acordo da Comisión Municipal de Goberno, acadado na sesión do 11 de Agosto de 1987, a Comisión de Goberno agora chega ó convencemento de que no escrito do interesado non se desvitúan os argumentos de carácter legal que aconsellaron no seu día as disposicións que xa coñece o interesado; por conseguinte, para poder concede-la licenza de que se trata é preciso o desenvolvemento da figura urbanística nomeada Plan Especial de Reforma Interior, sendo de subliñar que a tal figura xa está preto de ser rematada; por iso, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda non concede-la licenza polo imperativo legal xa amosado, pero estudarase o expediente, a tal efecto, unha vez que xa estea aprobada a figura urbanística de referencia.

Visto o expediente que se tramita neste Concello a instancia de Dona Rosa Rivera Estévez e Don Xosé Pérez Reinaldo, sobre derrubamento dun inmovble, nesta Vila, na rúa Salgado Moscoso, nº

27; e visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión de Goberno acorda comunicar ós interesados que debe procederse ó apuntalamo e arriostrado de ocos, baixo a dirección técnica correspondente, coa máxima urxencia posible, para garantiza-la estabilidade da alzada do inmovible.

Visto expediente que se tramita a instancia de Dona Elisa Fidalgo Martínez, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Praza Maior, nº 13, sobre obras no devandito inmovible, a Comisión de Goberno acorda que pase todo o expediente, no que se inclúe unha concesión de licencia do día 26 de Novembro de 1992, a dictame do Sr. Aparellador Municipal, ós conseguintes efectos legais para podermos acada-lo acordo correspondente.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don José Crespo Blanco, xerente de CORTOREN S.L., con domicilio na rúa Ramón Cabanillas, 9, 5º D, en Ourense, que fai referencia a un proxecto sobre confección industrial a instalar nesta Vila, na rúa San Francisco, nº 10, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda comunicar ó interesado que fica enterada do asunto, e que pola Administración Municipal levaranse a cabo as actuacións pertinentes pero sempre tendo en conta peticións concretas e detalladas do interesado para a súa resolución correspondente.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

En relación co informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que fai referencia á existencia de humidades no teito, na Escola de San Cristovo, a Comisión de Goberno acorda que se teña en conta esta actuación no Orzamento Ordinario de 1993 para a reparación completa da cuberta da devandita Escola.

Escrito da Consellería de Contas de Galicia sobre as Contas do ano 1990.

Partes de cloración de augas do abastecemento de consumo público.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Coñece a Comisión un escrito de Caixa Ourense, sobre as obras

adxudicadas no seu día a Don Xosé Míguez Fernández, para a construción de Pistas Polideportivas en Sampaio e San Cristovo; a Comisión coida que é oportuno facer un estudio profundo sobre esta cuestión.

Por último, coñece tamén a Comisión un escrito de Don Manuel Andrés Areas Cachaldora, veciño de Sanín, sobre o estado dun camiño veciñal sito no devandito lugar, acordando que se incorporen ó expediente tódolos antecedentes, que se atopan na sesión da entón Comisión Municipal Permanente do día 30 de Maio de 1985, ós efectos de poder acada-lo acordo procedente.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as oito e cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-